



Retribuciones

DELANTE



¡¡ Otro Éxito!!


DENTRO



“Mi tesoro”

DETRÁS

## A PERDA DE PODER ADQUISITIVO DOS EMPREGADOS PÚBLICOS



Mentres o conxunto da sociedade española está a sufrir unha das maiores crise económicas do último século, a “exitosa” xestión económica levada a cabo nos tres últimos anos polo bi-goberno da Xunta de Galicia fai parecer a esta Comunidade unha exemplar excepción. Os feitos están á vista: a continua renovación do parque móvil da Xunta con vehículos dun custo medio de 60.000 €, pasando en algúns casos dos 100.000 €; as suntuosas obras de remodelación de despachos, gabinetes e demais dependencias dos altos cargos; os succulentos emolumentos de asesores e demais persoal de confianza que, sen ningún pudor, publican nelas nalgúns casos páxinas web de certas consellerías (outras máis pudorosas ocultan tales datos); os cerca de 2.000.000 de euros empregados en financiar a uns elixidos a “cultural” viaxe a Cuba; os, aproximadamente, 2.500.000 € que anualmente inviste a Secretaría Xeral de Análise e Proxeccións en enquisas, obras de arte e demais grandes proxectos; o emprego de fondos europeos para a contratación de amigos, veciños e parentes a través de Asistencias Técnicas; etc., etc...

Pero mentres os dous Presidentes da Xunta de Galicia –dous a falta de un-, xunto cos seus conselleiros, altos cargos e demais persoal de confianza e outras comparsas viven, mamán e gozan sen pudor desta virtual bonanza económica, somos nós, os empregados públicos, os que volvemos a ser víctimas e a sufrir as consecuencias doutra “exitosa” xestión. Sen embargo, a realidade non virtual, a realidade económica é outra e demoledora: Dende o ano 1982 ata 2007 os empregados públicos perdemos o 42,08%, do noso poder adquisitivo. Practicamente a metade, nin máis ni menos

A modo de resumo, e para facerse unha idea clara, a seguinte táboa amosa a perda de poder adquisitivo ano tras ano:

ANO	I.P.C.	INCREMENTO SALARIAL	DIFERENZA
1982	14,00%	8,00%	-6,00%
1983	12,20%	9,00%	-3,20%
1984	11,90%	6,50%	-5,40%
1985	8,20%	6,50%	-1,70%
1986	8,30%	7,20%	-1,10%
1987	4,60%	5,00%	0,40%
1988	5,80%	4,00%	-1,80%
1989	6,90%	4,00%	-2,90%
1990	6,50%	6,00%	-0,50%
1991	5,50%	7,22%	1,72%
1992	5,30%	6,10%	0,80%
1993	4,90%	1,80%	-3,10%
1994	4,30%	0,00%	-4,30%
1995	4,30%	3,50%	-0,80%
1996	3,50%	3,50%	0,00%
1997	2,10%	0,00%	-2,10%
1998	2,10%	2,10%	0,00%
1999	2,40%	1,80%	-0,60%
2000	4,00%	2,00%	-2,00%
2001	3,10%	2,00%	-1,10%
2002	4,00%	2,00%	-2,00%
2003	2,60%	2,00%	-0,60%
2004	3,20%	2,00%	-1,20%
2005	3,70%	2,00%	-1,70%
2006	2,70%	2,00%	-0,70%
2007	4,20%	2,00%	-2,20%

**1982-2007 PERDA ACUMULADA -42,08%**

Extrapolando este 42,08% de perda acumulada á nómina mensual de cada funcionario danos unha visión fiel dunha cruda realidade que, ano tras ano, vimos soportando impasiblemente:

SALARIO ACTUAL	DEBERA SER	PERDA 2008	PERDA ACUM. (1982-2007)
1.000,00 €	1.420,80 €	5.891,20 €	76.585,60 €
1.200,00 €	1.704,96 €	7.069,44 €	91.902,72 €
1.400,00 €	1.989,12 €	8.247,68 €	107.219,84 €
1.800,00 €	2.557,44 €	10.604,16 €	137.854,08 €
2.200,00 €	3.125,76 €	12.960,64 €	168.488,32 €

Estas cifras, ABRUMADORAS e que parecen increíbles, son o resultado dun sinxelo cálculo. E, para maior pessimismo, esta reducción salarial afecta, de igual xeito, ás futuras pensións dos empregados públicos: menores salarios = **menores pensións.**

Ó longo destes últimos anos, os funcionarios da Comunidade Galega pasamos de estar no grupo dos mellor retribuídos do conxunto das Comunidades Autónomas do Estado a estar no grupo das Comunidades que peor retribúe aos seus empregados públicos. ¿Acaso xa non somos Potencia? ¿Ou é que acaso Galicia non é xa unha Nação? ¿Somos un goberno de progreso ou son "progres" os que nos gobernan?

Retomando a seriedade do tema, á vista destes datos e desta realidade, novamente CSI-CSIF fai un chamamento á unidade sindical e propoñemos, dende un fronte común, á marxe de vinculacións políticas, e en cumprimento da nosa obriga como representantes legais dos empregados públicos que somos, esixir contundentemente: **O establecemento dunha cláusula anual de revisión salarial; A recuperación progresiva do poder adquisitivo perdido, como mínimo, nos últimos cinco anos, e a implantación dun Fondo de Pensións** (Fondo de Pensións para empregados públicos xa implantado na Administración Xeral do Estado e noutras Comunidades Autónomas, que nin son nacións nin son potencias)

En última instancia, na nosa memoria recente perdura a loita numantina dos funcionarios non transferidos da Administración de Xustiza en defensa dun salario digno. E na nosa memoria perdura o éxito de tal loita. ¿Acaso imos ser menos os funcionarios da Xunta, máxime cando estamos a menos dun ano de eleccións autonómicas? E xa saben: "O que non chora non mama"

## **CAMBIO DE DENOMINACIÓN DE UNA SECCIÓN**

**ANTES**  
**CON ANSIA DE PROTAGONISMO**

**AHORA**  
**IGUALDAD, MERITO Y CAPACIDAD**



La redacción de "Herald Toupeiras", ha acordado que la sección hasta ahora denominada "con ANSÍA de protagonismo" pase a denominarse desde ahora "Igualdad, mérito y capacidad". Consideramos llegada la hora de quitarle tal ansia de protagonismo a este personajillo, por lo que, en lo sucesivo y salvo que nos obligue a ello con nuevos ataques injustificados a cualquier colectivo de trabajadores -lanzados desde ese chiringuito **Mausoleo NON, Cultura TAMPOUCO** montado "ad hoc" para dar rienda suelta a su "ANSIA" de protagonismo-, nos olvidaremos de él, seguramente muy a su pesar ("sic transit gloria mundi", amigo Xoan).

## **...E TRANSPARENCIA**

Unha vez máis, a actuación operada dende a Dirección Xeral de Función Pública non deixa de sorprender a propios e a estraños. Unha vez máis estamos assistindo a uns esperpénticos procesos de promoción interna. Uns procesos onde a falta de rigor e a disparidade de criterios á hora de establecer os cortes das notas é absoluta. Uns procesos que, entendidos como de concurso-oposición ao cincuenta por cen, o que prevalece é a fase de oposición en defecto da de concurso. ¿É esta a concepción que dos **principios de igualdade, mérito e capacidade** tense por parte dos responsables da función pública galega?...


... Uns procesos onde, por instrucións dadas dende a propia Dirección Xeral de Función Pública aos tribunais e coa escusa "de non sentar precedente", négaselles aos opositores que así o solicitaron a posibilidade de estar presentes, eles mesmos ou a través dos seus representantes sindicais, nas revisións manuais dos exercicios cando hai dúbidas acerca da correcta lectura óptica dos mesmos. Exercicios que, non

esquezámolo, son obrigados a responder con lapis e, en consecuencia, susceptibles de ser manipulados facilmente por calquera axeno ao opositor. ¿É ésta a concepción que do principio de transparencia teñen os responsables da función pública galega? E non esquezamos que hoxe en día, tecnicamente e coa Lei na man, a presenza sindical nos membros do tribunal non existe.

Dende a Dirección Xeral de Función Pública non en poucas ocasións se nos acusou de "desconfiados". Pero a súa actuación diaria non fai máis que alimentar os motivos desta falta de confianza. ¿A qué se debe ese medo? Se realmente se pretende garantir a limpeza deste e todos os procesos de selección, se non hai nada que ocultar e así se vende, a qué se debe este escurantismo e esta falta de transparencia?

**"A honradez non se presume, hai que demostrarla".**

por Suso de Buey



The yellow submarine

We all live in a yellow submarine



## ACUERDO PARA EL EMPROBRECIAMIENTO DEL EMPLEO PÚBLICO EN EL AMBITO DE LA ADMINISTRACIÓN DE LA XUNTA DE GALICIA: OTRO GRAN ÉXITO DE LA DIRECTORA XERAL DE LA FUNCION PÚBLICA

CSI-CSIF, sindicato profesional e independiente, tiene como única vocación, espíritu y fin el servir de correa de transmisión de los colectivos profesionales a los que representa, por lo que, recogiendo el sentir mayoritario del colectivo de funcionarios de carrera, RECHAZA FRONTALMENTE EL ACUERDO PARA LA MEJORA DEL EMPLEO PÚBLICO EN EL ÁMBITO DE LA ADMINISTRACIÓN DE LA XUNTA DE GALICIA, impuesto por la Administración y ACEPTADO POR CIG, CC.OO. y U.G.T.

CSI-CSIF considera que la falta de transparencia de todo el proceso negociador impuesta por la Directora de la Función Pública, ha marcado negativamente el texto final del Acuerdo e impide que éste recoja con un mínimo de fidelidad los intereses y reivindicaciones fundamentales de los funcionarios de carrera que prestan servicios en el ámbito de la Xunta de Galicia.

Aspectos fundamentales del Acuerdo, como son entre otros, las condiciones en las que se va a desarrollar el proceso extraordinario derivado de la Disposición Adicional 16<sup>a</sup> de la LFP, los insultantes porcentajes reservados para la promoción interna, la reclasificación de los funcionarios encuadrados en el Grupo E y la ausencia de mención alguna en el Acuerdo firmado al complemento de carrera profesional, son ampliamente contestados por la inmensa mayoría de los empleados públicos de la Xunta de Galicia.

Los motivos por los que **RECHAZAMOS ESTE ACUERDO DE CONSOLIDACIÓN** son, entre otros, los siguientes:

1.- Una negociación llevada a cabo de una forma apresurada, con elevadas dosis de improvisación, con exclusión de ciertos colectivos y, sobre todo, con muy poca transparencia. Algo ya habitual en la esfera de la actual Función Pública de la Xunta.

2.- La negativa por parte de la Directora Xeral de Función Pública a ofertar a concurso público abierto a los funcionarios de carrera todas las plazas incluidas en este acuerdo de consolidación.

3.- La hipoteca que supone para los próximos años con respecto a promoción interna y a la carrera profesional.

4.- La vulneración de los principios de igualdad, mérito y capacidad, dificultando el acceso a la administración a las personas que están opositando desde fuera de la Administración.


La aceptación del Acuerdo, en conclusión, supondría avalar la irresponsabilidad de los políticos que entienden la Administración como una Agencia de Colocación a la carta y no como un servicio público al conjunto de los ciudadanos y por ellos sufragada.

Del mismo modo, CSI-CSIF quiere dejar patente su **absoluta oposición a la contratación irregular** que se ha venido realizando asiduamente en la Administración gallega y que continúa siendo una realidad hoy en día, a pesar las graves consecuencias que acarrea y a pesar de las reiteradas sentencias judiciales **por cesión ilegal de trabajadores**. Dicha contratación irregular no sólo quebranta los principios de igualdad, mérito y capacidad, que deben regir el acceso al empleo público, sino que atenta contra los derechos de los trabajadores afectados, que soporan, en múltiples ocasiones, contratos de inferior categoría a la que realmente desempeñan, en situaciones de alta precariedad e inseguridad.

CSI-CSIF se erige una vez más en solitario como el único sindicato que real y efectivamente defiende los derechos de los empleados públicos de esta Administración. Y, en su papel de sindicato independiente, no permitirá que en el desarrollo de la nueva Ley de Función Pública se vulneren los derechos de los empleados públicos, como así hace flagrantemente con la firma de este acuerdo con la total sumisión al gobierno por parte del resto de las organizaciones sindicales.

by S.J.N.H.D.Q.

# GOLLUM NA XUNTA



Din os veciños de Monte Pío que desde fai case tres anos cada noite de lúa chea óese unha misteriosa voz que mirando cara S. Caetano no cesa de dicir.... **"Mi tesorooso"**.... Gollum por fin chegou á Monte Pío.

Atrás quedaron os difíciles momentos no que se cuestionaba a súa capacidade, o seu liderazgo no partido, tanto que tivo que inventarse 21 iniciativas para que alguén crese nel e o elevase ó séptimo ceo. A súa ambición levouno a pactar con outro que coma el necesita da "autoritas" para facerse valer. Din que ainda non baixou dese ceo, rumoréase que hasta pensa que é invencible, que sen el van á deriva. As veces, déixase ver polas Toupeiras de S. Caetano, pero é tan fachendoso que nin asiste á executiva do seu partido. Tan prepotente que mentres os seus debaten a nivel de Estado, el paséase da man da súa dona por París, despois de vir dun fin de semana nas Palmas (vacacións) e antes de marchar para as Américas ...

Así cando Gollum preside a Xunta pasan cousas como esta: aproba no Consello da Xunta un novo decreto que regula as normas do hábitat galego (iniciativa da Consellería de Vivenda-BNG) pero pide, desde a Secretaría Xeral do PSdG, os seus alcaldes socialistas que a recorran ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ¡¡¡ pura coherencia mental !!!

¿porqué entón aprobar unha norma que implica un enfrentamento da Consellería de Vivenda co departamento de Política Territorial, que ten un informe "contrario" do Consello Consultivo e outro demoledor do Colexio de Arquitectos... unha norma que tampouco apoian desde a FEGAMP nin o sector da construción ? Uns e outros dese entón intentan pasarlle o "cepillo" a norma "en aras do consenso", ja! porque Gollum non quere perder as prebendas que lle outorga o cargo e pagará con falsas promesas toda-las peaxes que haxa que pagar para seguir gobernando, para presidir a Xunta... **mi tesorooso !!!!!**

Líbranos pobo galego dos ambiciosos así coma "dos iñorantes, féridos e duros, imbéciles e escuros que non nos entenden, non... só aproveitánse de Nós"

por Demonia Carraboux

## CANAL DESCAPITALIZA AO SPDCIF E TRANSFIRE PARTE DOS SEUS ACTIVOS Á SEAGA

CSI-CSIF denuncia a grave actuación do Conselleiro de Medio Rural, que lonxe de fortalecer o Servizo Público de Defensa Contra Incendios da Xunta de Galicia do que é máximo responsable, dedica todos os seus esforzos a debilitar día a día as súas capacidades. Neste senso, a última novedade foi a cesión de 19 motobombas e 8 tractores (valorados en varios millóns de euros) á empresa que preside, SEAGA S.A., erixíndose no máximo expoñente da política de privatizacions.

CSI-CSIF denuncia que a política desenvolvida ata a data polo BNG nas consellerías que controla está marcada pola arbitrariedade, a falta de transparencia e o sectarismo, gobermando en contra da sociedade galega, chegando incluso a poñer en perigo a eficacia dun servizo esencial como é o Servizo de Incendios, para poder colocar impunemente aos seus afíns.

A táctica utilizada polo BNG en Medio Rural é coñecida e propia doutras latitudes; provocase o deterioro da prestación do servizo, redúcense os medios materiais e humanos, fanse campañas de desprestixio ao propio servizo, invéntanse conspiracións incendiarias para aproveitar politicamente a catástrofe da que foron responsables no 2006 e, por último, xa se teñen todas as escusas para se xustificar ante a opinión pública a "necessaria" e "inevitable" privatización do Servizo.

Por último, CSI-CSIF advierte de que lamentablemente o grave deterioro do SPDCIF provocado polo señor Suárez Canal coa indispensable colaboración do Director Xeral de Montes e do Secretario Xeral da Consellería de Medio Rural, no sairá gratis á sociedade galega e suporá no futuro o pagamento dun alto prezo en forma de hectáreas arrasadas polo lume, destrucción de superficie forestal e danos irreparables ao medio ambiente.



[www.toupeiras.blogspot.com](http://www.toupeiras.blogspot.com) h.toupeiras@gmail.com

Edificio Administrativo San Caetano - locais sindicais - Santiago de Compostela - 981545989